

C.E.I.P. Plurilingüe A Pontenova. Nº 66. Xuño 2016. Depósito Legal LU-391-88.



- EDUCACIÓN INFANTIL 3 E 4 ANOS

A Primavera (poesía)

- EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS

Poemas de Manuel María

- 1º DE PRIMARIA

A Bota con menta

- 2º DE PRIMARIA

Story Cubes

- 3º DE PRIMARIA

Xadins (poesía de Manuel María)

- 4º DE PRIMARIA

O cardín das flores

- 5º DE PRIMARIA

Poema e cómic dun castiñeiro

Poemas de Manuel María ilustrados polos nen@s

Enquisa sobre libros de lectura

Viaxe a Santiago de Compostela

A oca Villarina

Recetas do Magosto

- 6º DE PRIMARIA


A despedida de 6º

Eduemprende. Lugo: Atrévete

- ENGLISH PAGES

Katy's interview

www.ceipapontenova.blogspot.com





Educación Infantil


Os nenos e as nenas de 4º e 5º de Educación Infantil escribimos unha poesía sobre a primavera que aprendimos na clase e que nos gustou moito, incluso as últimas dúas estrofas son inventadas por nós. Tamén lle puxemos unha melodía co que se convertiu nunha canción. Se queredes, nas casas, podedes pedirnos que vola cantemos. Seguro que o faremos con gusto.



Acompañamos uns debuxiños sobre o tema. Esperamos que vos gusten.

PRIMAVERA

PRA, PRE, PRI,
 A PRIMAVERA, A PRIMAVERA.
 PRA, PRE, PRI,
 A PRIMAVERA XA ESTÁ AQUÍ.
 PRA, PRE, PRI,
 SAEN AS FLORES, CANTAN AS AVES,
 PRA, PRE, PRI,
 HAI BOLBoretas NO MEU XARDÍN.
 PRA, PRE, PRI,
 AS ANDURIÑAS VOLVEN DE LONXE.
 PRA, PRE, PRI,
 AS ANDURIÑAS VOLTAN AQUÍ.









Poemas

io es sencillo il
 gica cuando es el Es-
 e dice que las cosas son
 n y no de otra manera.
 mi amiga Isa González se
 ni amigo Hugo Babaro
 parecieron con los testigos
 egistro civil para formalizar
 atrinomio ena pasó por el
 ce de descubrir que en reali-
 ya estaba casada y por lo tanto
 podía volver a desposarse. Así

me río, pero so-
 arte de golpe con
 marido, y quién
 sabo los papeles y una casita
 precios en la casa, muy cerca de
 Sanxenxo. Que puede ser una vida
 maravillosa tu otra vida, no sé
 que no, pero que menos que haber
 podido participar en ella. Al fin y al
 cabo, a qué mujer me voy a estar
 presente el día de hoy, el día
 que da a luz. Isa tiene
 un carácter fuerte, pero que
 tal vez las cosas que de ser como
 eran, eran de otra forma, y solici-
 tó que se revisasen las partidas de
 nacimiento del mes en que nació
 por si había otra mujer llamada
 igual que hubiese sido inscrita en
 el registro de la misma época en
 que había sido inscrita ella. Por
 fin, después de una indagación
 descubrieron que había sido inscrito en e
 el 4 de octubre de 194
 la persona que se
 er
 Ya
 n
 la vida, como per
 las cosas no se

... sea por otra
 na, y de que los papeles de
 DNI eran los que estaban bien
 no los que constaban en el curso
 Con la cabalgata de Reyes ha
 sucedido algo muy singular. So-
 mos anímalos de costumbres
 nos empeñamos en que las c
 sean lo que son, cuando
 lo general, y reinterpretando
 Oliver Wendell Holmes, su
 se ser más bien lo que algu
 dice que son. Así, unos dicen que
 los Reyes Magos son tres y son
 varones. Otros que son varones
 pero no son tres. Algunos dicen
 que no son varones y otros que ni
 siquiera son reyes. Que viajan en
 camello. Que viajan en tren. Que
 viajan en helicóptero. Insistimos
 hasta la obsesión en que las co-
 sas siempre sean lo que son y no
 lo que decimos que son, y no nos
 damos cuenta de que las cosas, en
 realidad, a veces no son más que
 un juego de palabras.

Que las cosas
 seamos que son y
 no lo que no son
 es poco

Manuel

Mario

González González la que se
 casado cuatro años atrás
 tal César Álvarez Quintas
 tanto no había un osomem
 alegu en que Hugo e Isa a
 jeren matrimonio con tod
 de la ley.
 Esta es de COSAS O

6
 E
 H
 N
 J
 A
 N
 T
 I

BOLBORETA

Rayo de luz, bolboreta
 que voas de flor en flor,
 mon che me engada o tell voa
 que me engaga a túa cor!

NATALIA

PASTOR

Eu vou ao monte co gando
dun canino acompañado.

Nos meus días de pastor

que cousas teño soñado!




O LOBO

Ven o señor lobo

-que medo meniño!

pelo monte abaixo

e asusta o camiño!



O LOBO


O FOGUETE

O foguete sobe ao ceo

coma un raio

Perde forza e cae ó chan

nun desmaio.



KIARA

O MEU BURRÃO

Arre, corre,
 meu burro trotón
 meu burriño manso,
 meu burriño bon!




Corre meu burriño,
 non galopes, voa!

Arre, meu burriño
 que es un preguiçoso!
 A ver si lle gañas
 ao vento lixeiro...

A ver se lle gañas
 ó vento que voa!

Corre, meu burriño,
 nos cascos pon ás!
 Se queres, ao vento
 deixarás atrás...!



Arre meu burriño!
 corre máis deprisa!
 que se perde o vento
 xa verás que risa!

Manuel María
 "Os Sortos da gaiola"
 CLAUDIA

O GALO


Eu teño un galo galeiro

boa crista e bo esporón.

O meu galo é fachendoso

arrixcado e pelexón!

NAYARA



Eu teño un galo galeiro

que ten a crista encarnada,

polainas con media branca

e patuga colorada.

KEARA



Eu teño un galo galeiro

fanfarrón e presumido.

Anda con paso seguro
e co corpo moi erquido!

KEARA

Eu teño un galo galeiro

que me desperta ao mencer.

Cando canta no poleiro,
ténenlle que obedecer...

INÉS


Eu teño un galo galeiro

que ten plumaxe marelo.



O seu porte de señor

é mesmo sob. por recelo!


INÉS




ANIMALES



DOMESTICOS



6º E. INFANTIL



1º de Primaria

PARA CELEBRAR O "DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES", O 22 DE OUTUBRO, CONTAMOS CO
CONTACONTOS "ANXO MOURE", QUE DESPOIS DE FACERNOS PARTÍCIPES NO XIMNASIO DA
IMAXINACIÓN E COCIÑAR CONTOS ENTREGÁMOSLLE UN PEQUEÑO AGASALLO CREADO POR
NÓS, PEDÍNDOLLE QUE O CONDIMENTARA COA MAXIA DAS PALABRAS E

OLALLA
MIRIYA
Yeray




L'ia
MARIÁ
ALEJANDRA


A BOTAGON MENTA

.....E CAL FOI A NOSA SORPRESA?

Un conto mentolado con sabor a poema


O zapato mentolado
pola Pontenova vai camiñando.
O zapato mentolado
pelo bosque vai camiñando.
O zapato mentolado
co río Eo está falando.






















2º de Primaria

2º de Primaria












Este xogo tan divertido
tróuxoo un compañeiro moi atrevido.
Os nove dados tes que lanzar
e ao momento unha historia inventar.
Non hai moito tempo para darlle á cabeza
e o importante é nomear cada peza.
Saem historias ben chistosas,
como se nota que son cousas novas!
A mestra gravou cada conto con moita vista
e así poidemos escribilo aquí na revista.



Había unha  que estaba encantada
 cunhas  que falaban e tiraban .
 Unha  vella tiña un . Unha 
 quería picar a unha  e unha  pregun-
 tou "Que faremos con ela . Unha  que
 ía de viaxe en  atopou unha  que
 estaba encerrada e quixo salvara. Tivo que
 abrir un . Como tiña poderes tiroulle
 e rompeu. Finalmente a  quedou
 libre e as dúas  viviron felices na .











Marcos



Era unha vez un neno que foi a unha  alí
 atopou un  e tamén un . Despois
 foi á casa e tivo un  da boa sorte, atopou
 unha  nunha caixa, colleu unha  para
 comela. Foi á  buscar auga. Volveu para a
 casa porque empezou a  e a súa habitación
 estaba pechada, atopou unha chave e abriu a .
 Todos os obxectos que atopara ao longo da historia
 deronpareceran!














Marta



Había unha vez un menino que estaba  nunha  xunto ao , despois leu un  que tiña sobre a , e colleu unha  e con esa  abriu unha  e entrou nun , xirou á  e atopou algo sorprendente.













Inés



Había unha vez un  que non lle gustaba nada a noite e tampouco , entón un día levantouse da cama para ir a unha  pero non tiña un coche nin nada. Colleu un  que tiña o seu pai e chamou por  para saber máis das . Cando chegou á , había unha  e non sabía o que significaba e de repente tocou a  empurrou e apareceu un . Ao final non era un  só era un soño. Foi á  para ver se era verdade pero primeiro pasou por unha  para beber algo. Todo fora un soño.

Candela




Había unha vez no  Terra un 
 que ía  e despois encontrou unha
 e ao lado unha , e por arte
 de  apareceu unha . Intentou
 subir á  e sen querer, fíxose de noite
 aí facendo  e apareceu a  poder
 e o  subiu, subiu, subiu, subiu e subiu e
 converteuse nunha 


Paulo

Xardín


Eu vou xogar ao xardín
na compañía dos amigos
rapaciños coma min.



Hai un xardín dos maiores
con arborescadas, paseos
e cadradiños de flores.




E perto ao céspede mal
hai bancos con ramorados
e vellos tomando o sol.



3º de Primaria

Hai fontes, rosas e feixes,
gatalas cheas de páxaros
e un estanque con peixes.




As scentes amodo van.
Hai quen pasea sen nada.
E outros levan un can.




Este xardín tan xentil
segundo explicou o mestre,
tamén se chama pensil.



Nada se pode tocar:
nin flor, nin peixe ou páxaro.
Sómente ver e calar!







O xardín das flores



4º de Primaria





<p>Son bo/a en... Facer amigos</p> <p>son único/a porque... xogo con todos</p> <p>Gústame.. a ensalada rosa</p> <p>Non me gusta... que insulten a ninguen</p> <p>Nerea</p>	<p>Son bo/a en... debuxando</p> <p>son único/a porque... teño moita imaxinación</p> <p>Gústame.. os animais</p> <p>Non me gusta... q chuvia</p> <p>Nerea</p>
<p>Son bo/a en... Fútbol</p> <p>son único/a porque... Polo carácter</p> <p>Gústame.. Correr</p> <p>Non me gusta... Que me insulten</p> <p>Sara</p>	<p>Son bo/a en... Baile</p> <p>son único/a porque... Son diferente</p> <p>Gústame.. Correr</p> <p>Non me gusta... Que me paguen</p> <p>Cecilia</p>
<p>Son bo/a en... Fútbol</p> <p>son único/a porque... A miña nai deixame facer casi todo o que quero</p> <p>Gústame.. Otonis</p> <p>Non me gusta... A ensalada</p> <p>Joni</p>	<p>Son bo/a en... fútbol</p> <p>son único/a porque... teño o pelo diferente</p> <p>Gústame.. a música</p> <p>Non me gusta... o baloncesto</p> <p>Paula</p>



Os nenos e as nenas de 4º sonos diferentes e cada un de nós está formado por pétalos e follas moi especiais.

Atrévete a completar as túas? Caníao ben!





5º de Primaria

Ao Castiñeiro

Un castiñeiro nun souto
cun piñeiro parolaba
e mensaxes de esperanza
un a outro se paraban.

A xente do noso pobo
nunca deberá esquecer
o tesouro das castañas
e dos piñeiros avrezer.

Árbores extrañas están
a rematar connosco
neste nobre chan.


As árbores enxebres
debemos procurar
defendela terra,
defender o lar.

E os paxaros puaran
e cheirará a toxeira en flor
e os rapaces medrarán
rodeados de verdor,
mañ azul o ceo será
bullará mañ ledo o sol
e Galicia despertará
nun alborear de amor.

N obre e novño castiñeiro
dono da fraga galega
parece que os nosos home
íHai perderon a cabeza

Esquecéronse dos reis
dos soutos e carballeiras
e andan a plantar o monte
cunhas árbores alleas.

E os paxaros puaran



Galicia




Galicia docemente
está ollando o mar;
¡ten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
¡cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
vellina, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vvi no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e maika fala
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!



A emigración

Hai un cancro moi terrible,
purulento e vergonzoso.
Hai un cancro moi noxento
que aniquila ao pobo noso!

Hai un cancro moi activo
que destrúe lentamente,
que desfai a nosa patria
e nos leva a nosa xente.

Hai un cancro arrepiante
que só vive da inmundicia
e que zuga, día a día,
todo o sangue de Galicia.

E se cancro que nos mata
e remata coa nación
ten un nome moi concreto
que se chama: **EMIGRACIÓN!**

EMIGRACIÓN



A Fala

O idioma é a chave
con que abrimos o mundo,
o solouco máis felle,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós,
e ese breve roncel
que deixaremos noí.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
masivamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
máis grande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xurque e sostén.
Se perdemos a fala non
seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latesco, a verdade,
a fonte de que agrama
a máis forte virandade.

Renunciar ao idioma
é ser mundo e mozer.
Precisamos a lingua
se queremos vencer!

A NOSA FALA!
A NOSA VIDA

DÍA DA PATRIA GALEGA

Día da Patria Galega,
o vinte e cinco de Xullo.
Lembramos a Castela,
a Reboiras e o Medulio!


Os Inmandiños e Bóveda
van no noso corazón
coas inxustizas e aldraxes
que sofre a nosa nación.

Lembramos os emigrantes
víctimas desa inxustiza
de ter que ir gañar o pan
a moi lonxe de Galiza.


Toda a patria é un tremor
dendes' do mar deica a serra.
Vai de Tui a Ribadeo
e do Courel a Fisterra...!

Coa nosa bandeira á fronte
non hemos retroceder.
Galiza ten que ser ceibe!
Temos, irmáns, que vencer!

O vinte e cinco de Xullo
é a data máis fermosa:
festa nacional galega
e Día da Patria nosa...!



25 de
xullo



PASAPORTE LECTOR

Resume da enquisa sobre os libros que lemos
2015/16.

Este ano os alumnos de 5º realizamos unha enquisa sobre as nosas opinións dos libros que lemos neste curso. Dividimos en dous grupos, galego e castelán. A orde dos libros en galego que máis nos gustaron:

1. ~~Os ollos do avó~~. Este conto contanos a historia dun avó e a súa neta.
2. ~~Contos para nenos que dormen enseguida~~. Gustáronos porque conta historias pequenas e entretemidas.
3. ~~O canto do corvo~~. Conta poemas de Alberto Calvín Corredoira un señor que ven ao colexio o día das Letras Galegas.
4. ~~Un caso resolto~~. Trata dun neno que mete en algún lío e misterio que os resolve.

En castelán:

1. ~~Que y la fábrica de chocolate~~. Foi o que máis votos tivo porque a todos nos gustan os doces e o chocolate.
2. ~~Un tesoro~~. Fala sobre un pequeno rato que chega a unha illa.
3. ~~El cumpleaños de Pablo Diablo~~. É o cumpre de Pablo Diablo e sucede que... dedeo e saberedes.
4. ~~Un caso resolto~~. Un neno moi travoso escribe no seu diario o que lle pasa.

Tamén opinamos que nos gusta máis ler en castelán que en galego.

Os alumnos de 5º de primaria.


Excursión a Santiago de Compostela

O venres día 15 de abril os alumnos de 4^º, 5^º e 6^º de primaria fomos de excursión a Santiago de Compostela.

Íamos ver unha Bandanza do Auditorio de Galicia. Nesa Bandanza non había instrumentos de coeda. Mentres a banda tocaba, unha parella bailaba tango, cha cha cha, salsa, rock and roll etc.

Fomos ver uns cisnes e diversas aves. Xantamos no centro comercial As Cancelas e despois mercamos cousas. As 4 fomos visitar a Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Finalmente, collemos os ordenadores na colección e todos se foron contentos para as súas casas.



A Osa Villaina

A Osa Villaina ✓✓

É moa soltaina,
que colludo arandos
e caeuse das cimas

E con tanto despiste
perdeu a súa familia.

Unhos turistas que por alí pasaban
a recolleron e ao veterinario a levaron.

Allí a curaron e logo
no bosque a deixaron.

A Osa Villaina comezou a correr
e no medio do bosque
de unhos mozoitos amigos
quixo ser.

E neste no bosque
quiseronlle axudar
a atopar a súa familia
que despiste puido volver a enter.



Cada

A osa Villarina
é, moi fermosa.
É unha osa maravillosa.

É aventureira,
ten moita valentía
quen o diría
da osa Villarina.

Ten moitas aventuras,
non ten medo de ningunha.

Quen había de ser
a que do océano fora beber?
Villarina algo tiña que ver.

Poema
á osa Villarina



Nuria López Torviso



O MAGOSTO

Plantilla para escribir unha receita con castañas.

INGREDIENTES	FORMA DE PREPARACIÓN
3 ovos	• Cocer as castañas, pelarlas e
1/2 vaso de leite	pinchar a conxuntura en azucre,
1/2 vaso de leite auga	mentres, incorporar a masa.
unha pitada de sal	• Mezclar os ovos, o leite, a auga, o
media cubo de levedura	sal, e a levedura. Baté ben,
farina	• Engadir a farina remexendo ata
castañas picadas (100g)	que secca unha mestura consistente.
Azucere	• Engadir as castañas sen o azucre e
	fontir en aceite abundante.

Bunidos de castañas.



Alex

Magosto Glace



O MAGOSTO

Plantilla para escribir unha receita con castañas.

INGREDIENTES	FORMA DE PREPARACIÓN
33 Kl de castaña	Primeiro ir cascalas e seleccionálas
20 l de azucar glas	Despois pasa por unha máquina que ao nela e para quitarlles a pel metenas en vapor
30 l de almíscar	Pasan por donde unhas mulleres lle quitan os trozos de pel que quedaron. Unha máquina que ten un sensor
	Despois metenas en almíscar.
	Pasan por unha máquina que non azucar glas
	Despois pasan por un secador
	Metenas en envasas
	Metenas nunhas latas.
	Despois poñenas no forno.





BISCOITO DE CASTANHAS A CANELA



O MAGOSTO


Aduana

Plantilla para escribir unha receita con castañas.

INGREDIENTES	FORMA DE PREPARACIÓN
250 gr. farinha de trigo	Primeiro facemos un corte en cada unha das castañas.
250 gr. castañas	Despois ponémolas a ferver durante 20 min.
125 gr. azúcar branco	A continuación mezclamos a farina cos 4 ovos, a nata, o ron e a levadura.
125 gr. azúcar moreno	Agregamos os dous tipos de azúcar, a corte de canela e a ralladura de limón.
200 ml. nata líquida	Cando as castañas xa ferveron, pélámolas e machacámolas asta obter un puré.
1 chorrito de ron.	Botamos a leite sobre o puré de castañas.
4 ovos	Unimos as castañas a mezcla anterior.
Ralladura dun limón	Engrasamos o molde e incorporamos a mezcla.
100 ml. leite	Despois de 30-40 min no forno a 200°C podra ser degustado.
1 sobre levadura	
1 cdta. canela en polvo	



N.º 11




O MAGOSTO

Plantilla para escribir unha receita con castañas.

Xeado de castañas frescas.

INGREDIENTES	FORMA DE PREPARACIÓN
azúcar 175g	Mezclar as castañas co azúcar e trituralo aparte unhas castañas frescas.
nata para montar 200 ml	
leite enteira 250 ml	trazendas. Perfumar co vainilla e poñerlle leite e batér a man. Montar a nata e poñer xunto co traxer de castañas.
1 cucharada de vainilla en pasta	
castañas peladas 250g e cocidas en leite	Poñelo nun recipiente e poñelo no conxelador 45'. Sacar e triturar coa batidora. Volver a metelo 30'.
	Poñer nun recipiente e tapalo. Levalo ao conxelador polo menos 4 hs. É aconsellable batilo antes de servir.




Plan bicolor de
castañas e
chocolate




0 MAGOSTO

Plantilla para escribir unha receita con castañas.

INGREDIENTES	FORMA DE PREPARACIÓN
1/2 litro de leite	Batir nun bol as xemas
8 xemas de ovo	e añades a leite mex clado
azúcar 150g	con azucre. Añades a zela-
30g xelatina en follas	tira en auga fría e a casta
700g nata	mexclase coas castañas
2 cda's cacao	Finalmente coa melizor
200g castañas	moldes individuais e a llena
	coa mezcla de castañas para
	logo añades a mezcla de cacao
	Guardar na frigorífico unhas horas



“A despedida de 6º”



6º de Primaria

Queridos amigos e compañeiros:

Despois de nove anos neste centro, chegou o momento de despedirnos. E neste caso a despedida é triste, porque vos imos a deixar aquí soños, pero tamén leda pois a marcha significa que pasaremos para o instituto, a seguir coa nosa formación e estudos.

Non é unha despedida definitiva, estaremos esperando por vós no “insti”. pero só uns poucos anos! Pois nada é eterno, e alí tamén remataremos, e do instituto seguiremos adiante como o faredes vós a partir de agora.

Como regalo de despedida queremos deixarvos un recordo das nosas mellores e peores vivencias neste colexio.

Unha aperta moi forte para todos, e non nos esquezades! Que nos tamén vos levaremos sempre na nosa memoria.

E xa empezamos por riguroso orde de lista...

Ola! eu son Ainara, o mellor momento que pasei no colexio foi cando xogaba coas "píííícaras" nos recreos, ao "escondite" e ao "pi uno" no polideportivo.

E o peor cando en segundo, rompín un dente baixando as escaleiras do patio.

Estes nove anos paseinos moi ben... e aprendín moito este colexio. É increíble a de cousas que fixemos! Foron fantásticas!

Ola! son María. Fai nove anos cheguei a este colexio, que rápido pasaron! Era pequeniña, pero xa medrei.

Comecei unha libreta onde cada día escribía un pouco, porque todos os días aprendía algo novo neste centro. Empecei facendo garabatos, debuxos; pero moi rápido aprendín a escribir, porque sempre tiveren moi bos mestres. Hoxe rematei a libreta, está chea de recordos e de cousas moi bonitas, e tamén remata unha etapa.

Quero dar as gracias a todos os mestres polo seu traballo e a súa dedicación durante estes anos nesta tarefa tan difícil que é a ensinanza. Non só se aprende das materias senón tamén das súas palabras. Tamén quero darlles as gracias aos nenos que quedan no colexio por todos os bos momentos que pasamos xuntos.

Agora vouvos contar un pouco sobre os bos recordos que pasei no colexio que son moitos, xa que nunca pasei ningún mal momento.

Algún dos meus mellores recordos deste centro son primeira vez que fun de excursión e a primeira vez que me deron as notas.

Moitas gracias por todo! Que teñades moita sorte! Sempre me acordarei de vós!

Ola, son Carme! Xa levo nove anos neste colexio, e a verdade é que todos se me pasaron moi rápido.

Teño un montón de recordos bos deste centro, non podería dicir só un. Sempre me gustaron os torneos de maio e xuño, pero o que máis... foi o primeiro, nel non gañei nada co meu equipo, pero encantoume xa que o pasei moi ben. Tamén me divirto moito nas excursións a Saldoira, nelas falamos, facemos xogos e guerras de auga, e caése sempre collemos algunha que outra carracha.

Aínda que malos momentos aquí tiveren poucos, con diferenza o peor sucedeu en 4º. Ía para o polideportivo a ximnasia. As escaleiras estaban molladas e eu esvarei e caín. Din un golpe bastante forte no dorso e tiveren que ir na ambulancia para Lugo.

Espero que vós, os compañeiros que quedades aquí, gocedes en todos os cursos tanto como o fixen eu.

Ola a todos! Eu son Marta de 6º, aínda que logo serei de 1º de ESO (se todo vai ben), pois xa rematei neste centro os nove anos que me correspondían. Uns cursos pasáronse moi rápido, outros parecéronme eternos, pero chegados estes momentos debo recoñecer que todos eles pasaron voando.

O mellor recordo que teño ocorreu neste curso, pois foi o segundo día no campamento dos Peares, onde estaban case todos os da nosa clase. E foi este día e non o primeiro porque o día que chegamos eu estaba bastante insegura e asustada.

O peor recordo dos que me lembro ocorreu en 4º, cando a final de curso se tivo que marchar do colexio unha moi boa profesora que nos dera clase ese curso, chamada Paula. Con ela divertímonos moito e aprendéramos moitas cousas. Ese día eu estaba moi triste.

Ola! son Antía.

Primeiro quería darvos as grazas por todo o que aprendemos con todos vós nestes 9 anos e comentar que sodes uns verdadeiros compañeiros. En resume vouvos contar cales foron os meus mellores e peores recordos:

O meu mellor recordo ven de cando comecei o colexio, porque coñecín a todos os meus compañeiros e compañeiras, aínda que ía ao colexio de mala gana, porque non estaba acostumada ao ruído que gastamos por aquí..

O meu peor recordo foi cando íamos en 1º, porque sendo os máis pequerrechos de toda primaria os maiores burlábanse de nós.

Pero aínda así neste colexio paseino moi ben con todos vós. Grazas por ser tan amables contigo.

Ola! Son Uxía de Jesus.

O meu mellor recordo foi cando coñecín aos profesores, tiña catro anos e viña moi contenta ao cole.

O meu peor recordo é de cando estaba no comedor e os nenos e as nenas maiores facían ruído coas cadeiras.

Nestes nove anos que levo no colexio estou moi contenta porque aprendín moitas cousas, o mellor de todo a manexar o ordenador.

Ola! eu chámome Iván, e vouvos contar o mellor momento que pasei neste centro, pero tamén o peor.

O meu mellor momento foi cando empecei a coñecer aos meus compañeiros e a facer novos amigos, cos que pasei moi bos momentos.

E o meu peor momento foi cando cursando infantil un neno me deu cun balón na cara, cousa que a min me doeu moito aínda que non me deixou máis marca que a de un mal recordo.

Ola nenos e nenas ! Son Jesús e vouvos contar dúas experiencias que vivín neste centro.

Eu teño moitos bos recordos neste colexio e non sabería dicir unha pero... a miña mala experiencia sucedeume cando estaba cursando cuarto e recibín un “balonazo” na cara mentres xogaba ao fútbol no polideportivo.

Boa lembranza si que sabería dicir unha, sabedes cal foi? Foi cando viaxamos ata os Peares de excursión durante unha semana de inmersión lingüística, foi xenial!

Ola nenos e nenas! Eu son Aroa e neste colexio vivín moitas cousas boas e malas xa que empecei con tan só tres anos. Coma xa sabedes o tempo pasa voando e agora teño doce anos, entón case todos os meus recordos están aquí.

O meu mellor recordo deste colexio coñecervos a todos vós, e ós meus compañeiros de clase, compartir con vos as nosas excursións e por suposto aprender neste centro tráenme á memoria momentos moi felices

O meu peor recordo deste colexio lévame ao nerviosa que estaba nos primeiros controis, ou ao barullo que facían os maiores que, cando eu estaba en infantil, parecíanme xigantes.

Ola a todos e a todas!

Son Ana e nestes nove anos que levo no colexio vivín boas e malas experiencias. Todos eses bos momentos non serían posibles sen os compañeiros/as e profesores/as. Remato un etapa e empezo unha nova. Empezamos sendo os máis pequenos da escola e agora somos os maiores.

Vivín tantas boas experiencias que sería imposible elixir unha, así que vou a contarvos varias: a primeira foi cando pasei a primaria, xa que iamos estar nos maiores e a seguinte foi cando soupen que ía pasar unha semana de inmersión lingüística nos Peares.

O meu peor recordo é de cando caín no polideportivo e me fixen unha gran ferida na fronte, menos mal que teño a cabeza dura!!!!

Ola compañeiros e compañeiras! son Nerea e vouvos contar os meus peores e mellores recordos neste centro que agora me toca abandonar para marchar ao “insti” (sempre e cando no suspenda ningunha, cousa que espero)

O meu mal momento, ocorreume cando cursando terceiro un neno de sexto me deu un balonazo na cara, cousa que me doeu moito.

O meu mellor recordo, cursando infantil, cando viaxamos a Lugo, pasámola viaxe no autobús cantando e xogando.

Ola! son Unai e vouvos dicir a miña mellor experiencia neste colexio. Foi cando cheguei a este centro e coñecín aos meus compañeiros, resultaron ser os mellores compañeiros do mundo e entre eles teño aos meus mellores amigos.

A peor experiencia sufrina cando suspendín por primeira vez (non é que non o merecera!!!!).

Dou grazas aos meus mestres por ensinarme tanto e un abrazo aos meus compañeiros e amigos.

Boa sorte!

Ola amigos! son Diego e vouvos contar algo sobre as miñas experiencias neste centro.

Eu vin de Suíza para facer 5º curso aquí en A Pontenova e fun recibido moi ben aquí, no colexio de A Pontenova, e por este mesmo motivo douvos un grazas a todos vos.

Dos dous anos que levo neste colexio, o meu mellor momento foi o primeiro día de colexio, en 5º, porque grazas aos meu compañeiros entendín e aprendín todo sobre este colexio: como hai que comportarse, que hai que atender na clase, que no comedor non se pode comer ata que te avisen, etc. E por iso quero darlle as grazas aos meus compañeiros, mestres, miña nai, etc.

A miña peor experiencia deste colexio tivo lugar no polideportivo, cando xogando ao fútbol me lesionei do nocello.

Espero que non vos esquezades de nós, nós tamén vos recordaremos cando esteamos no instituto.

Un abrazo eMOITA SORTE!!!!

Ola, son Roberto!

Un dos meus bos recordos no centro escolar de A Pontenova foi a representación dun programa de faladurias chamado “Sálvame”, na que participei cos meus antigos

compañeiros/as.

O peor momento foi cando os meus mestres me dixeron que tiña que repetir curso. Iso molestoume moito, eu quería estar cos meus antigos compañeiros, cos que comezara en infantil ata o fin dos estudos. Pena que non me dese conta antes e estudase un pouco máis.

Boa sorte a todos!!!!

Ola a todos! Son Raúl e quería dar as grazas a todos os alumnos do colexio por ser tan bos amigos.

En estes nove anos, coma todos compartín bos e malos recordos. O meu mellor recordo é de cando en 3º de primaria gañei o meu primeiro torneo (balonmán) e tamén cando me comentaron que viaxaríamos aos Peares a pasar unha semana de inmersión lingüística. Nese momento sentíame moi contento .

Por outra banda o meu peor recordo é de cando en 2º de primaria suspendín por primeira vez un exame, en ese momento sentínme moi triste.

Ola compañeiros e compañeiras! son Mariña. Estes nove anos no colexio foron impresionantes grazas aos meus colegas, amigos e profesores, que fixeron que o tempo no centro se me pasara voando.


O meu mellor momento neste colexio foi cando saín de excursión por primeira vez en autobús. Foi en infantil, eu era pequena e estaba moi contenta de poder viaxar nun autobús.

O meu peor momento, do que non me quero acordar, sucedeu en primeiro. Cando ía subindo as escaleiras que hai xunto a pista de fútbol pequena déronme un balonazo, e como era moi pequena caín, mancándome dúas veces ... co balón e máis coa caída.

Ola amigos, son Uxía Salvatierra! en primeiro lugar quería dicirvos que estes nove anos con vos, compañeiros e profesores foron fantásticos grazas aos momentos increíbles que pasei .

E agora vou a relatarvos un dos mellores momentos que pasei na escola, que foi este ano, cando nos dixeron que pasaríamos sete días nos Peares, puxémonos moi contentos!

E un dos peores momentos que pasei na escola produciuse un día que tiña exame despois do recreo. Cheguei á clase e non vin a ninguén nela, mirei en todas as aulas pero nada, ata que mirei no invernadoiro e... estaban alí! Porque resulta que era aínda a hora de ler! Pero menudo susto!



Os alumnos e alumnas de 6º de Primaria participamos tamén este curso neste **Proxecto Eduemprende: Atrévete**.

Primeiro visitamos o Centro de Formación Profesional Politécnico de Lugo no que un empresario nos explicou o bo que era ter iniciativas emprendedoras.

Máis adiante convocaron un concurso de redacción titulado Atrévete no que nos “atrevemos” a participar e...

Debe ser que neste pobo temos uns excelentes futuros emprendedores porque xa o curso pasado gañou un dos alumnos do colexio (Esteban) e este ano, outra vez!

Nesta ocasión foi Ana, a continuación vedes a súa proposta.

Noraboa Ana!

UNHA EMPRESA SOLIDARIA

Hoxe en día vexo os problemas ambientais e de saúde que hai, así que por esta razón na miña empresa utilizaríanse todo tipo de envases de plástico e papeis que as persoas xa non necesitasen, así reduciríase o lixo, tamén se diminuiría a contaminación de ríos, mares e océanos.

Os envases e papeis que nos vendesen cobrariámolo a 1€. Esta empresa só traballaría en Galicia e Asturias. Ademais nas tendas e comercios aos que lles recollamos os envases deixaríamos unha pequena caixa para que a xente que queira leve alí os seus materiais. Tamén deixaríamos outra caixa para que as persoas que quixesen nos puidesen deixar un donativo. O material recolleríase cada semana

Despois da recollida, levaríanse ao edificio da empresa, alí os envases someteríanse a unha limpeza e desinfección por se estiveran sucios ou contraesen algunha bacteria, a continuación outros traballadores crearían unha escultura saída da súa imaxinación, unha vez acabada, levaríanse a unha sala-exposición. Alí os visitantes poderían observar as esculturas e despois puxar por elas. Os nenos menores de 18 anos pagarían 1€ e as persoas maiores de 18 anos 3€.

Empregados que necesitaría:

- 3 traballadores/as, para conducir os camións que levarían a mercancía.
- 3 traballadores para facer as esculturas.
- 1 traballador/a para cobrar a entrada na sala-expositor.
- 2 traballadores/as para atender as puxas.
- 1 traballador/a para levar a contabilidade da empresa

Material que necesitaría:

- 3 camións para levar a mercancía.
- Un edificio para a empresa.
- 2 máquinas de lavado e desinfección.

Os cartos que se gañasen, a metade serían para a empresa e a outra metade para axudar no tratamento das enfermidades raras. Ademais do salario que recibirían os traballadores, daríalles a satisfacción que terían ao saber que coa súa ocupación salvarían vidas e mellorarían o mundo no que viven.

Esta empresa xeraría 10 novos postos de traballo.

A empresa chamaríase "SALVAMUNDOS". Os cartos para formar esta empresa solicitaríanse a Organización Mundial da Saúde (OMS), a Xunta de Galicia e a Organización Mundial do Medio Ambiente.



KATY'S INTERVIEW

- Do you have a boyfriend?
- No, I do not.
- What is your favourite colour?
- My favourite colour is blue.
- What is your favourite animal?
- My favourite animal is the hyrax.
- What is your favourite sport?
- I really like tennis.
- Where did you study?
- I studied at Lewis and Clark College in Portland, Oregon in the United States.

- What did you study?

- I studied English literature.

- Do you like American football?

- Yes, I do like American football, but I get bored during the games because they are so long!

- Do you like Spain and Galicia?

- Yes, I love Spain and Galicia! I think that Galician people are so friendly and kind, and the food is amazing! I love the free tapas.

- What do you like to do?

- I love to go walking and hiking in nature. I also love to read and to go to the beach. My favourite things to do are eating and traveling.

- How old are you?

- I am 23 years old.

- Which things are typical in your country?

- In Texas, we have an event called the rodeo where cowboys and cowgirls ride horses and sheep, and we have a carnival. It is really fun party! We also have a lot of delicious food like Tex-Mex and BBQ.

- How many brothers or sisters do you have?

- I have one younger brother who is studying to be an engineer. He is 21 years old. His name is Timothy.

- Who is your favourite teacher in A Pontenova?

- I like all teachers! They are all so nice, and they are wonderful teachers.

- Has your life changed here in A Pontenova?
- Yes, I have loved my experience here. My life has changed so much for the better here. I will always remember my time here at this amazing school.
- What is your favourite food?
- My favourite food is chocolate, but I also love pasta!
- What part of Texas do you live in?
- I live in Houston, but I am moving to Austin when I return to Texas.
- Do you have a dogs?
- Yes, I have a one dog named Angus, who is very fat and cute.

6º 2015-2016





Educación Infantil



1º e 2º de Primaria



3º e 4º de Primaria



5º e 6º de Primaria